

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dez de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona M<sup>a</sup> del Juncal Capín Fonseca.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 3 de setembro de 2019**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de setembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Escrito de don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, rexistrado de entrada co número 999/1365, no que comunica a súa ausencia do termo municipal dende o día 11 ata o día 14 de setembro de 2019, ambos os dous incluídos.
- Resolución de 4 de setembro de 2019, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Economía e Empresa, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable

ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais (Boletón Oficial do Estado número 214, de 6 de setembro de 2019).

### 3º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 30 de agosto ao 5 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 1758/2019 e remata coa resolución da Alcaldía número 1798/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1758/2019	30-08-2019	Expedición de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
1759/2019	30-08-2019	Expedición de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
1760/2019	30-08-2019	Expedición de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
1761/2019	30-08-2019	Expedición de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
1762/2019	30-08-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de setembro de 2019
1763/2019	30-08-2019	Corrección erros da resolución pola que se autorizaba a realización pago prezo xusto correspondente as fincas nº 7 e 16 c) do proxecto de expropiación por taxación conxunta para a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre propiedade de HGP
1764/2019	30-08-2019	Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 28 A correspondente a facturas con reparos por importe de 13.549,14 euros
1765/2019	30-08-2019	CM: Compra libros bibliotecas
1766/2019	30-08-2019	Orzamentos para vestiario brigada reforzo e brigada risga
1767/2019	30-08-2019	Programa de actividades xuvenís Campamento de pequenos : Quiroga
1768/2019	30-08-2019	CM Escenario, luces e son para o evento Cantos do Demo 2019
1769/2019	30-08-2019	CM Actuación do grupo CHEKAN
1770/2019	02-09-2019	Lista de admitidos actividades deportivas verán 2019
1771/2019	02-09-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1772/2019	02-09-2019	Conceder a licenza para construción de vivenda sita en Anceis. Solicitante: IBM
1773/2019	02-09-2019	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 5 de setembro de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		día 29 de agosto de 2019
1774/2019	02-09-2019	Aprobación da incorporación ao programa municipal de voluntariado (proxecto despensa municipal de alimentos) de don JLMR
1775/2019	02-09-2019	Contrato menor para acondicionamento aseos Local social ARELA e Asociación de veciños da Barcala
1776/2019	02-09-2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 6/2019. Actividades culturais
1777/2019	03-09-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1778/2019	03-09-2019	Orde de execución por estado de edificación sita en San Bartolomeu, Pravio. Propiedade: Diócesis de Oviedo
1779/2019	03-09-2019	Pintura diversos espazos centros escolares de Cambre período vacacional de verán 2019
1780/2019	03-09-2019	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal por importe de 600 euros anuais condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JAMB
1781/2019	03-09-2019	Contrato menor para a adquisición de tickets para o bono taxi 2019
1782/2019	03-09-2019	Recurso de reposición contra a liquidación provisional a UFD, S.A., da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2015. Suspensión da resolución
1783/2019	04-09-2019	Aprobación Acred. Pagos 2018 Sementeira
1784/2019	04-09-2019	Autorización apertura urna perimetral sinalada co número 23, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona PLP, o día 28 de agosto de 2019
1785/2019	04-09-2019	Expediente de disciplina urbanística 07/62/12 por obras realizadas en Mercurín, s/n, Anceis
1786/2019	04-09-2019	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don Daniel Mallo Castro, dende o día 6 ao 10 de setembro de 2019, ambos os dous incluídos
1787/2019	04-09-2019	Licenza para reforma da vivenda unifamiliar sita en Aian, Sigrás
1788/2019	04-09-2019	Estimación da reclamación patrimonial presentada o día 21 de marzo de 019, rexistrada de entrada ao nº 2/495, por un importe de 276 euros
1789/2019	04-09-2019	Conceder a axuda aluguer por importe de 132,45 euros. Solicitante: RMAM
1790/2019	04-09-2019	Estimación da reclamación patrimonial por danos ocasionados en vehículo Citroen C3 a consecuencia de ser golpeado por uns carteis da exposición municipal Estampas de Cambre, por importe de 424,93 euros
1791/2019	04-09-2019	Aprobación admitidos curso de monitor de tempo libre
1792/2019	04-09-2019	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Aián,

		Sigrás
1793/2019	05-09-2019	Aprob Xustificación Convenio Sementeira 2019 1ª parte
1794/2019	05-09-2019	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000124/2019 Representación e defensa. Expediente: TEdC 2018/P001/000013 responsabilidade patrimonial.
1795/2019	05-09-2019	Delegar na concelleira dona Mónica Varela Germade para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de LCS e APA
1796/2019	05-09-2019	Delegar na concelleira dona Mónica Varela Germade para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de SLP e RFL
1797/2019	05-09-2019	Proxecto PRISMA Alta de participantes
1798/2019	05-09-2019	Recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario nº 0000146/2019 interposto por AUGASERVI, S.L. contra o Concello de Cambre

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- A.- Proposta de non dividir en lotes o investimento incluído no POS + Adicional 1/2019 por maior achega. Exp.: 2019/A007/000001 e 2019/G006/000191
- B.- Adxudicación do contrato menor para a "Mellora da sinalización horizontal e vertical en Cambre, Barcala e Temple", ao licitador *Lufisa Servicios, S.L.*, no importe de 16.675,11 € sen IVE, 20.176,88 € IVE incluído. Expediente 2019/C002/000146

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A.- Proposta de non dividir en lotes o investimento incluído no POS + Adicional 1/2019 por maior achega. Exp.: 2019/A007/000001 e 2019/G006/000191**

Vista a proposta da Alcaldía de data 9 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Pleno Municipal, en sesión extraordinaria do día 5 de setembro de 2019, aprobou incluír no POS + Adicional 1/2019 por maior achega, o investimento denominado "proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestuarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, nº 14, Cambre" cun orzamento total de 657.218,29 €, IVE engadido.

Segundo a base 5.B.3.4 das reguladoras do Plan, no suposto de que os investimentos sexan susceptibles de división en lotes, pero o concello opte por non dividilos e incluílos no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación

no Plan, a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven válidamente a súa non división en lotes, de acordo co previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, segundo o modelo do anexo IX.

Á vista do informe técnico (anexo V) emitido con data 21 de agosto de 2019 polo Arquitecto Municipal para o investimento incluído no Pos + 2019 por maior achega,

Vista a proposta do concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras, de data 6 de setembro de 2019,

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no POS + Adicional 1/2019 por maior achega cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento do investimento	Financiamento
Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, nº 14, Cambre	657.218,29 €	654.553,64€ co POS + 2019 por maior achega e 2.664,65 € con financiamento municipal

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que sirvan de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B.- Adxudicación do contrato menor para a “Mellora da sinalización horizontal e vertical en Cambre, Barcala e Temple”, ao licitador *Lufisa Servicios, S.L.*, no importe de 16.675,11 € sen IVE, 20.176,88 € IVE incluído. Expediente 2019/C002/000146**

Vista a proposta da Alcaldía de data 9 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:



“Con data 12/4/2019 elaborouse por Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, proxecto de obras correspondente á “Mellora da sinalización horizontal e vertical en Cambre, Barcala e Temple”, cun orzamento de 20.022,57 € sen IVE, 24.227,31 €, IVE incluído.

Coa mesma data emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, a concelleira delegada da Área de Servizos e polo alcalde, motivado na necesidade de acondicionar e sinalizar os pasos de peóns, zonas de carga e descarga, limitacións de velocidade na entrada de zonas urbanas e sinalización de zonas escolares das distintas rúas de Cambre, A Barcala e O Temple, das cales o Concello de Cambre é titular e responsable, ademáis de adecuar e realizar varias prazas de aparcamento para persoas con diversidade funcional, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

Con data 15/7/2019 emítase informe polo enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos sobre a clasificación do proxecto denominado “Mellora da sinalización horizontal e vertical en Cambre, Barcala e Temple” como proxecto de obra, de acordo coa Lei 9/2017 de 8 de novembro de CSP (art. 13, 18 e Anexo I).

Con data 15/7/2019 emítase informe pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na partida orzamentaria 2019 1532 61900 e de que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non consta que teñan subscrito contratos que superen a cifra prevista no artigo 118 da LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 5/08/2019 emítase informe polo enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos e no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- LUFISA SERVICIOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
- GALAICA VIARIA, S.L.N.E.
- SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
LUFISA SERVICIOS, S.L.	16.675,11 €	20.176,88 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	20.022,57 €	24.227,31 €
GALAICA VIARIA, S.L.N.E.	18.340 €	22.191,4 €
SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.	17.401,76 €	21.056,13 €

formulando proposta de adxudicación da obra “Mellora da sinalización horizontal e vertical en Cambre, Barcala e Temple”, á empresa LUFISA SERVICIOS, S.L., con NIF B15986029 e domicilio no Polígono A Marisqueira, sótano 5 -15180 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 16.675,11 € sen IVE, 20.176,88 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola secretaria accidental municipal de data 6 de setembro de 2019, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción dos seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto de obras correspondente á “Mellora da sinalización horizontal e vertical en Cambre, Barcala e Temple”, cun orzamento de 20.022,57 € sen IVE, 24.227,31 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 1532 61900. \_

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000146, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato de servizos para “Mellora da sinalización horizontal e vertical en Cambre, Barcala e Temple”, á empresa LUFISA SERVICIOS, S.L., con NIF B15986029 e domicilio no Polígono A Marisqueira, sótano 5 -15180 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 16.675,11 € sen IVE, 20.176,88 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, Óscar Souto Muíño, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao enxeñeiro de Camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, Óscar Souto Muíño, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Oscar A. García Patiño

A secretaria accidental

M<sup>a</sup> del Juncal Capín Fonseca